



THE WILD RACE

AN UNSTOPPABLE FORCE

Artigo 1. ORGANIZACIÓN

XACOBEO WILD RACE é unha carreira de obstáculos que incluírá elementos adaptados doutras disciplinas como CrossTraining, Strongman ou PaleoTraining e que se celebrará en Vigo, no Parque Forestal de San Miguel de Oia.

O Parque Forestal de San Miguel de Oia alberga o antigo Camiño Real que unía as vilas de Vigo e Baiona e que hoxe é por onde discorre O Camiño de Santiago Portugués pola Costa.

XACOBEO WILD RACE estará integrada dentro do festival multidisciplinar THE WILD que se celebrará os días 8, 9 e 10 de XULLO no Merendeiro de San Miguel de Oia (Vigo).

Queremos demostrar como o movemento pode ser un elemento inclusivo do ser humano e da natureza, aproveitando os recursos que nos proporciona o medio natural e que supoña un auténtico reto para os participantes.

Artigo 2.- PARTICIPACIÓN E IDADE MÍNIMA

Para poder participar será preciso ter cumpridos os 16 anos no momento da celebración da proba e aceptar o presente regulamento á hora de formalizar a inscrición.

Os menores de 18 anos que queiran participar na XACOBEO WILD RACE, deberán achegar unha autorización dos pais (ou titores) acompañada dunha copia do DNI de estes, así como do participante, a thewildrace@thewildfest.com e indicaremoslle cales son os pasos a seguir para tramitar a súa inscrición.

Celebrarase tamén unha carreira adaptada (PEQUERACE) especialmente deseñada para cativos de entre 4 a 12 anos que deberán vir acompañados por unha persoa responsable maior de idade.

Artigo 3.- CATEGORÍAS E CRONOMETRAXE

Cada participante portará un chip proporcionado por CHAMPIONCHIPNORTE para a cronometraxe da proba, o cal será obrigatorio. Estarán regulados polos controladores XUÍCES e rexiranse polo sistema de penalización OSO. O chip correspondente colocárase no nocello.

Así mesmo o número de chip deberá estar marcado no brazo tal e como indique a organización.

o finalizar a proba entregárase na zona definida pola organización.

Os participantes que non dispoñan de chip propio, abonarán no momento da inscrición, 2€ polo aluguer do chip e a cantidade de 5€ en concepto da fianza do chip, que serán devoltos pola Organización no prazo máximo de 7 días.

As categorías en XACOBEO WILD RACE serán as seguintes:

- **MODALIDADE WOLF. Carreira por EQUIPOS.**

Equipos de 4 participantes que poderán ser masculinos, femininos ou mixtos.

- Os corredores poderán axudarse entre os membros do equipo para superar os obstáculos e en caso de non poder superalos, terán unha penalización a definir pola organización, en función do obstáculo non superado.
- XACOBEO WILD RACE entende a modalidade WOLF como unha competición EXCLUSIVAMENTE por equipos, polo que a cooperación, a táctica e o traballo en equipo condicionarán o resultado da proba.
- Haberá probas nas que se precise a participación de tódolos compoñentes do equipo para a súa realización.
- Tódolos integrantes do equipo deberán entrar á vez na liña de meta (ou como máximo cunha diferenza de 10 seg. entre cada compoñente)

- **MODALIDADE RAVEN. Carreira INDIVIDUAL.**

Cada participante deberá elixir entre competir nas CATEGORÍAS:

- **ÉLITE:** Non poderán recibir axuda para pasar os obstáculos. En caso de non poder superalo, retirárase a pulseira, podendo finalizar a proba, pero non computará para clasificación final.
- **POPULAR:** Poderán recibir axuda externa por parte doutros participantes e en caso de non poder superalo, terán unha penalización a definir pola organización en función do obstáculo non superado.

Ao finalizar a proba entregarase na zona definida pola organización.

Os participantes que non dispoñan de chip propio, abonarán no momento da inscrición, 2€ polo aluguer do chip e a cantidade de 5€ en concepto da fianza do chip, a cal será devolta pola Organización no prazo máximo de 7 días.

As categorías en XACOBEO WILD RACE serán as seguintes:

• **MODALIDADE WOLF. Carreira por EQUIPOS.**

Equipos de 4 participantes que poderán ser masculinos, femininos ou mixtos.

- Poderán recibir axuda externa por parte doutros participantes do mesmo equipo para superar os obstáculos e en caso de non poder superalo, terán unha penalización a definir pola organización, en función do obstáculo non superado.
- XACOBEO WILD RACE entende a modalidade WOLF como unha competición EXCLUSIVAMENTE por equipos, polo que a cooperación, a táctica e o traballo en equipo condicionarán o resultado da proba.
- Haberá probas nas que se precise a participación de tódolos compoñentes do equipo para a súa realización.
- Tódolos integrantes do equipo deberán entrar á vez na liña de meta (ou como máximo cunha diferenza de 10 seg. entre cada compoñente)

• **MODALIDADE RAVEN. Carreira INDIVIDUAL.**

Cada participante deberá elixir entre competir nas CATEGORÍAS:

- **ÉLITE:** Non poderán recibir axuda para pasar o obstáculo. En caso de non poder superalo, retiráraselle a pulseira, podendo finalizar a proba, pero non computará para clasificación final.
- **POPULAR:** Poderán recibir axuda externa por parte doutros participantes e en caso de non poder superalo, terán unha penalización a definir pola organización en función do obstáculo non superado.

• **MODALIDADE PEQUE RACE**

Circuito deseñado especificamente para nenos, nos que participarán por tramos de idades:

- De 4 a 7 anos: 2 voltas a un circuito de 300 m con 10 obstáculos
- De 8 a 12 anos: 3 voltas a un circuito de 300m con 10 obstáculos.

Artigo 4.- A CARREIRA

A carreira desenvolverase íntegramente nun entorno natural, pechado ao tráfico rodado, no que os participantes deberán superar diferentes obstáculos e probas de habilidade, forza e resistencia. Estas probas estarán relacionadas e adaptadas de outras disciplinas como Crosstraining, Strongman ou PaleoTraining.

A carreira comezará o día 3 de XULLO ás 10:00 horas no PARQUE FORESTAL DE SAN MÍGUEL DE OIA (Merendeiro San Miguel de Oia).

As quendas e horarios definitivos de saída publicaránse durante as semanas previas a carreira, na páxina oficial de THE WILD, apartado XACOBEO WILD RACE e na páxina oficial de CHAMPIONCHIPNORTE (podendo escoller no momento da inscrición a tanda que prefira o atleta/equipo, estando en facultade da organización variar a cantidade de participantes nas quendas, cando por causas xustificadas, a organización considere que o troco vai favorecer o desenvolvemento da carreira).

A tanda ELITE da MODALIDADE RAVEN será a primeira en sair, seguida tras **10** minutos pola individual POPULAR , e cada **10** minutos saíran as diferentes quendas de equipos MODALIDADE WOLF.

PERCORRIDO:

A carreira terá un percorrido de **10 Km**, con **máis de 40 obstáculos e desafíos naturais** a superar. Dependendo da categoría, a esixencia da proba ou obstáculo será diferente.

SAÍDA:

O sistema de carreira efectuarase a través da saída en quendas. Haberá un intervalo aproximado de **10** minutos entre cada quenda. A composición das quendas publicárase na páxina oficial de THE WILD apartado XACOBEO WILD RACE e na páxina oficial de CHAMPIONCHIPNORTE (Estas quendas se construírán en función do número de participantes).

Os participantes deberán estar na zona de saída, como moi tarde, 15 minutos antes do inicio da súa tanda para pasar o control da organización.

QUENDAS:

HORA	MODALIDADE
10:00	RAVEN(individual) ÉLITE
10:10	RAVEN POPULAR 1
10:20	RAVEN POPULAR 2
10:30	RAVEN POPULAR 3
10:40	WOLF (Equipos)1
10:50	WOLF 2
11:00	WOLF 3
11:10	WOLF 4
11:00	PEQUE RACE (4-7)
11:30	PEQUE RACE (8-12)

A organización reservárase o dereito de fusionar quendas ou modificar horarios en función do número de participantes, para o mellor desenvolvemento da carreira.

Artigo 5.- INSCRICIÓN

Unha vez formalizada a inscrición, poderase cambiar de tanda, sempre que se realice antes do peche das inscricións.

Cada inscrición é persoal e intransferible. A organización resérvase o dereito de emprender as accións legais oportunas se non se respecta este principio.

Na modalidade RAVEN (Individual) deberase elixir entre categoría ELITE ou POPULAR.

Para poder competir na modalidade WOLF (Equipos) deberanse facer equipos de 4 persoas en categoría MASCULINA, FEMININA ou MIXTA. Para poder formalizar a inscrición por equipos, será imprescindible que TODOS os integrantes do mesmo estén inscritos na MISMA QUENDA. O capitán de cada equipo enviará un convite aos atletas que desexen que formen parte do seu equipo. A **data límite** para inscribirse será o **26/06/2022**.

CAMBIOS E DEVOLUCIÓN

Poderase solicitar o traspaso de dorsal a outra persoa do seguinte xeito:

Ata 10 días antes da proba, o corredor podrá solicitar o traspaso do dorsal enviando un email a thewildrace@thewild.com informando de dito troco e aportando a documentación do novo atleta.

Só se permitirá a devolución do 50% da inscrición, en caso de lesión ou enfermidade. Para isto, será preciso a presentación dun certificado médico á organización, mediante correo electrónico a thewildrace@thewildfest.com, con firma do/da médico/a xunto co seu número de colexiado/a.

Artigo 6.- PREZO DE INSCRICIÓN

As inscricións faránse a través de thewildfest.com e championchipnorte.com. Os prezos variarán en función do tramo no que se atopen as mesmas.

DATA	PREZO
Ata o 15 de MARZO	20 Euros
Do 16 de MARZO ata 15 de ABRIL	25 Euros
Do 16 de ABRIL ata o 25 de MAIO	30 Euros
Do 26 de MAIO ao 26 de XUÑO	35 Euros
PEQUE RACE	PREZO
SEN LIMITE DE DATAS	5 Euros

Artigo 7.- PREMIOS

Os premios aos que se poderá optar son:

MODALIDADE WOLF

O primeiro equipo de cada categoría: FEMININOS, MASCULINOS E MIXTOS.

MODALIDADE RAVEN

- ÉLITE: 3 primeiros clasificados FEMININA e MASCULINA.
- POPULAR: 3 primeiros clasificados categoría FEMININA e MASCULINA.

Así mesmo, todos os “finishers” da proba recibirán unha medalla conmemorativa do evento á finalización da proba.

Así mesmo o día da recollida das acreditacións, a organización faralle entrega a cada un dos participantes dunha bolsa da XACOBEO WILD RACE , que conterá unha camiseta conmemorativa da carreira, o Chip e demais complementos para a carreira.

Non haberá medalla para os/as atletas que non realicen ou finalicen a proba.

Artigo 8.- IDENTIFICACIÓN e ACREDITACIÓN

A recollida de acreditación poderase facer, o día previo á competición, sábado 02/07/2022 de **19:00 a 21:00** horas, no Merendeiro de San Miguel de Oia, ou o mesmo día da carreira, dúas horas antes da hora da saída.

Para retirar o chip debe presentarse o DNI e firmar o **Documento de Responsabilidade.** **Non será necesario o certificado COVID**

Artigo 9.- SEGUROS

Cada atleta participará en XACOBEO WILD RACE baixo a súa enteira responsabilidade e asumindo que posúe unha condición física adecuada para poder afrontala. A organización disporá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e dun seguro individual.

Deste xeito, todos os participantes, estarán cubertos pola póliza de seguro de accidentes contratada pola Organización.

Estarán excluídos da cobertura do seguro os accidentes derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, facer caso omiso das indicacións do director de carreira, ignorar as indicacións dos voluntarios de apoio nos obstáculos, inobservancia das leis, etc.

Artigo 10.- PROTOCOLO COVID

Para levar a cabo a edición 2022 de XACOBEO WILD RACE, e para adaptarnos a nova normalidade que nos toca vivir, levaremos a cabo un rigoroso protocolo e implementaremos unha serie de medidas para garantir a seguridade e o benestar tanto dos atletas participantes, coma do público asistente e dos integrantes do staff, xuíces e voluntarios de XACOBEO WILD RACE. O devandito protocolo estará en consonancia coa lexislación vixente e as recomendacións das Autoridades Sanitarias locais e autonómicas.

Non obstante plantexamos unhas medidas básicas que se expoñen a continuación, e que se irán complementando en función da evolución da situación derivada da COVID e en consonancia coa lexislación en vigor na data da competición.

MEDIDAS XENÉRICAS

- Será necesario ou uso de máscara antes de comezar a proba, tanto por parte de persoal da organización como dos competidores.
- As seguintes Zonas estarán diferenciadas e separadas espacialmente: Zona de Competición, Servizos ao Corredor (duchas-vestiarios), Consigna e Zona de Acreditacións, para evitar aglomeracións.
- Sentido de circulación única para o acceso a todas as zonas e servizos de XACOBEO WILD RACE.
- Os corredores unha vez finalizada a proba abandonarán a Zona de Competición.
- PARA PODER PARTICIPAR NA XACOBEO WILD RACE 2022, SERÁ OBRIGATORIO MOSTRAR O CERTIFICADO COVID EN VIGOR, DURANTE A RECOLLIDA DOS DORSAIS. DE NON SER ASÍ, NON SE PODERÁ PARTICIPAR NA OCR E NON SE TERÁ DEREITO Á DEVOLUCIÓN DO IMPORTE DA INSCRICIÓN

Artigo 11.- MOTIVOS DE DESCUALIFICACIÓN

Os responsables de carreira ou voluntarios dirán a cada corredor cando é posible e cando non, e como se pode axudar.

Haberá responsables da organización en cada obstáculo para comprobar que se cumpren as normas, pero cada corredor decide como superalos.

Será motivo de descualificación:

1. A incorrecta identificación de acordo ás normas.
2. Non realizar íntegramente o percorrido marcado pola organización.
3. Alterar a marcha doutros atletas, vulnerando as elementais normas de respecto e de Fair Play.
4. Acceder á meta por calquera outro sitio distinto á liña de chegada.
5. Botar lixo antes, durante ou despois do percorrido.
6. Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que, a xuízo da organización, sexa considerado obxectivamente como motivo de descualificación.

Calquer responsable da seguridade da XACOBEO WILD RACE terá a facultade de descualificar ou retirar a un atleta se considera que está en perigo a súa seguridade, a de calquer outro atleta ou a da propia proba.

Artigo 12.- A RESPONSABILIDADE DO PARTICIPANTE

É responsabilidade exclusiva do atleta ser apto para a competición, é dicir, gozar dun nivel de saúde e preparación física, técnica e mental necesaria para afrontar unha proba deste tipo. A Organización estará exenta de calquera responsabilidade polos danos, prexuízos ou lesións que poida ocasionarse calquera participante. Todo atleta que participe na proba acepta as normas sinaladas anteriormente no momento de formalizar a inscrición, prevalecendo o criterio da Organización en caso de dúbida.

Os servizos sanitarios estarán facultados para retirar durante a proba a calquera atleta que presente un mal estado físico.

Así mesmo , calquera participante con problemas de saúde (alerxias, atencións especiais, etc) deberán facelo constar no momento de realizar a inscrición ou o mesmo día da proba, previo inicio desta, aos servizos sanitarios ubicados no lugar. De non facelo, a organización non será responsable das consecuencias.

Artigo 13.- SUSPENSIÓN DA PROBA

A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída ou de chegada, atrasar a hora da carreira, así como suspendela por causas alleas aos promotores, comunicándoo na web e redes sociais oficiais do evento (coa devandita devolución do importe da inscrición).

Artigo 14.- SERVIZOS E AVITUALLAMENTO

- Servizo de gardarroupa/consigna gratuitos (a organización non se fai responsable de obxectos perdidos).
- Duchas, baños e vestiarios pechados.
- Avituallamento líquido e sólido na zona de meta.
- Zona Gastro, animación e DJ.

Artigo 15.- USO DOS DATOS DO PARTICIPANTE

A inscrición implica a autorización para o libre uso do nome, apelidos e foto dos participantes nos medios de comunicación en informacións relacionadas coa proba.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que a participación na proba implica o consentimento para a incorporación dos datos persoais facilitados ao ficheiro automatizado existente para os organizadores.

A finalidade deste ficheiro é o tratamento para a xestión e desenvolvemento da mencionada proba.

Os atletas consenten tácitamente que as imaxes que se obteñan na carreira poderán ser utilizadas pola organización e polas empresas colaboradoras para fins de difusión e publicidade do evento e/ou produtos asociados ao mesmo.

No caso de que desexa revogar o seu consentimento e exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición pode facelo dirixíndose por escrito a THE WILD RACE ao e-mail thewildrace@thewildfest.com , achegando unha fotocopia do seu DNI.

Artigo 16.- ACEPTACIÓN DE REGULAMENTO

Mediante a inscrición na XACOBEO WILD RACE, comprométome a cumprir a normativa que regula a proba así como as indicacións dos directores de carreira. Acepto este regulamento. Pola presente:

1. Afirmo e verifico que estou fisicamente preparado e suficientemente adestrado para esta competición e que pasei os recoñecementos médicos oportunos. Carezo de enfermidade algunha ou lesión que poida agravarse coa miña participación na devandita proba. Por iso, asisto por iniciativa propia a esta competición asumindo os posibles riscos e consecuencias derivadas da miña participación.

2. Permito o libre uso do meu nome e calquera imaxe en calquera publicación ou medio de comunicación tomadas durante todo o evento, eximindo á organización, directores do evento, colaboradores, patrocinadores e voluntarios de calquera responsabilidade ou reclamación pola miña banda. Incluindo calquera prexuízo ou lesión directa ou indirecta.

3. Asumo e comprométome a cumprir as normas e protocolos de seguridade establecidos pola Organización para a carreira, así como a manter un comportamento responsable que non aumente os riscos para a miña integridade física ou psíquica. Seguirei as instrucións e acatarei as decisións que tomen os integrantes da Organización polo ben da seguridade individual ou colectiva.

4. Autorizo aos Servizos Médicos da proba a que me practiquen asistencia sanitaria necesaria, aínda que non fose solicitada. No caso de que os Servizos Médicos indíquenme que abandone a proba por existir risco para a miña saúde comprométome a acatar a recomendación dos expertos sanitarios.

A Organización resérvase o dereito de cambiar ou modificar calquera información referente á carreira ou cancelar a mesma por causas de forza maior.